

# QUE SABES DO POBO XITANO?

**A CULTURA ESQUECIDA NOS LIBROS DE TEXTO.**

○ 1,75% da poboación en España son persoas xitanas das que descoñecemos a súa historia, costumes, relixión.... Veciñas e veciños dos que ignoramos a súa identidade como pobo.



Fotografía NOÉ OTERO (Flickr). "Madre gitana con dos churumbeles".

CONTRATOS  
PROGRAMA  
CPInclúe

proecta+

**IGUALDADE, INCLUSIÓN E CONVIVENCIA**

**IES RICARDO MELLA**  
CURSO 2023-2024

# Que imos ver? ✨ ✨



Orixe do pobo xitano



Conmemoracións



Lingua e Relixión 



Sistema de organización  
interna da comunidade xitana



A comunidade xitana: España  
e Galicia



Educación e Música 



O papel da muller



Emprego e comunidade xitana



Antixitanismo



# ORIXE DO POBO XITANO

POR IVÁN CALVO ÁLVAREZ



*Gitanos en el camino*  
National Museum in Warsaw (CC BY-NC-SA)

## ORIXE

Aínda que o seu orixe é incerto, as persoas que estudaron o orixe do pobo xitano coinciden en que o seu punto de partida atópase na **India**, de onde saíron en diferentes etapas, hai máis de mil anos.



Moitas expertas coinciden en que a súa orixe xeográfica atópase na rexión de Sind e na rexión de **Punjab** na antiga India, aínda que na actualidade forman parte, na súa grande maioría, de Paquistán, e están atravesados polo río Indo. Pénsase que de alí puideron saír en sucesivos éxodos, debido a diversas invasións, como a que causou a invasión da India polos

chamados “*hunos brancos*” nos séculos V e VI d.C., ou a orixinada pola expansión do mongol *Genghis Khan* no século XIII; ou unha das fuxidas máis achegadas aos nosos días e que chegaría á Península Ibérica, a que tivo lugar a partir de 1856 cando os escravos e escravas xitanas de Valaquia e Moldavia (actual Romanía), foron liberadas da súa escravitude.

Foron lingüistas quen descubriron a súa orixe, xa que a lingua falada polo pobo xitano, a **lingua Romaní**, é unha lingua da familia indoeuropea, e o seu vocabulario e gramática están intimamente relacionados con algunhas das linguas vivas actuais da India, especialmente co **Sadrí**.

A achega máis recente e documentada do orixe do pobo xitano ven da man do profesor, e tamén xitano, **Marcel Courthiade**.



Muller xitana.  
Imaxe da exposición “Historia e cultura do pobo xitano” da [Asociación de Enseñantes con gitanos](#)

Este e outros investigadores propoñen que un dos orixes dos e das xitanas é a cidade de **Kannanj**, cerca de Kanpuren (India do norte), baseándose fundamentalmente en certos textos antigos (texto de Al Uthique)

## O POBO ROM

O Pobo Rom, ou *Pobo dos Homes Libres* (que é o significado de Rom en lingua xitana), foi un pobo viaxeiro. Desde que saíu da India, e tamén hoxe, está disperso polo mundo; algúns seguen en viaxes continuas, outros en traslados non moi longos con domicilio fixo e outros moitos sedentarios. Non obstante, todos seguen sendo, dalgún xeito, **viaxeiros**, entendendo esta viaxe como unha forma de concibir a vida e organizarse os valores da súa existencia, un sinal de identidade.

## CHEGADA A EUROPA

**Grecia e Armenia** foron importantes cabezas de ponte neste paso do leste ao continente europeo. A mediados do **século XIV** xa se detectaron asentamentos xitanos en case todas as illas do Mediterráneo e na Grecia continental.

Segundo algúns autores, o primeiro territorio europeo que pisaron os xitanos foi **Corfú** a principios do século XIV.



Migracións xitanas.  
Imaxe da exposición "Historia e cultura do pobo xitano"  
da Asociación de Enseñantes con gitanos

Dependendo dos costumes, a zona xeográfica que ocuparon e a variante dialectal da propia lingua falada polas poboación xitana, vanse configurando os grandes grupos xitanos que sobreviviron ata hoxe en día: **kalé, lovari, sinti, kalderash e manouche**. 🖱️

Os primeiros romà que chegan a Europa deambulan de país en país relatando as máis extraordinarias e misteriosas historias sobre a súa orixe. Os habitantes dos países aos que chegan escóitanos embelesados, pero cando desaparece a maxia polo descoñecido empézanos a ver como invasores, cando non como vagabundos, delincuentes ou ateos. A partir de aí, a historia dos romà está sementada de persecucións, castigos e incompreensión.



"Lehojabarra: Gitanos e Fuskaldunes"

Ligazóns de interese:

- [https://unionromani.org/pueblo\\_es.htm#origen](https://unionromani.org/pueblo_es.htm#origen)
- <https://www.aecgjt.org/downloads/descargas/36/paneleswebaecgjtak.pdf>
- <https://badalnovas.com/2023/04/08/8-de-abril-dia-internacional-do-pobo-xitano/>
- <https://www.unionromani.org/tchatchionline/pdf/03306esp.pdf#view=Fit>



# CONMEMORACIÓNS

POR REBECA SANTOS DOMÍNGUEZ



## Día internacional do pobo xitano

O 8 de abril conmemórase o día internacional do pobo xitano.

Esta data débese a que o **Primeiro Congreso Mundial romaní/xitano celebrouse en Londres o 8 de abril de 1971**. Nese congreso instituíuse a **bandeira e cantouse formalmente o himno xitano**.

A bandeira xitana consta de **dúas franxas horizontais**: de **cor azul**, na parte superior, que representa o ceo, e de **cor verde**, na parte inferior, que representa o campo.

No medio das franxas aparece **a roda do carro de cor vermello**, que simboliza a **liberdade do pobo xitano**, repartido por todo o mundo.

Gelem, gelem lungone dromenča  
maladilem baxtale Rromenča.  
Aj! Rromalen, kotar tumen aven  
e ćaxrenčar bokhale ćhavenča?

Aj! Rromalen! Aj! Čhavalen!  
Aj! Rromalen! Aj! Čhavalen!

Săsa vi man bari familia  
mudardăs la i Kali Lėgia.  
Saren ćhindăs vi Rromen vi Rromnėn  
maškar lenće vi tikne ćhavorren.

Aj! Rromalen! Aj! Čhavalen!  
Aj! Rromalen! Aj! Čhavalen!

Putar Devla te kale udara  
te šaj dikhav kaj si me manuša.  
Palem ka zav lungone dromenča  
ta ka phirav baxtale Rromenča.

Aj! Rromalen! Aj! Čhavalen!  
Aj! Rromalen! Aj! Čhavalen!

Opre Rroma! Isi vaxt akana!  
Ajde manča sa lumăqe Rroma!  
O kalo muj ta e kale jakha  
kamăva len sar e kale drakha.

Aj! Rromalen! Aj! Čhavalen!  
Aj! Rromalen! Aj! Čhavalen!

**Gelem Gelem** (en romaní 'Andei, Andei ') é o nome que recibe o **Himno Internacional Xitano**, atribuído ao compositor serbio-romaní **Žarko Jovanović**.

A letra fai referencia á condición itinerante do pobo xitano e tamén fai alusión ao xenocidio que sufriron durante a Segunda Guerra Mundial.

Nesta data celébrase o orgullo de ser xitanos e xitanas, e reivíndicase o dereito ao recoñecemento e á igualdade.



Andei, andei por longos camiños  
atopei afortunados romà.  
Ai romà, de onde vides  
coas tendas e os nenos famentos?  
Ai romà, ai raparigos!

Tamén eu tiña unha gran familia  
foi asesinada pola Lexión Negra  
homes e mulleres foron descortizados  
entre eles tamén nenos pequenos.

Ai romà, ai raparigos!

Abre, Deus, as negras portas  
que poida ver onde está a miña xente.  
Volverei a percorrer os camiños  
e caminarei con afortunados calós.

Ai romà, ai raparigos!

Arriba Xitanos! Agora é o momento.  
Vide conmigo os romà do mundo.  
A cara morena e os ollos escuros  
gústanme tanto como as uvas negras.

Ay romà, ai raparigos!

Tradución do Himno xitano



Escanea  
e  
escoita!

# CONMEMORACIÓN



## 16 de Maio - Día da resistencia romaní

O 16 de maio de 1944, en torno a 6.000 xitanas e xitanos internados no campo de concentración de Auschwitz II Bikernau “Zigeunelager” recibiron información de que esa noite serían gaseados e exterminados.

As mulleres, homes e crianzas xitanas alí concentradas fixeron todo o que puideron para escaparse das SS e algúns o lograron. Meses máis tarde, o 2 de agosto de 1944, os nazis conseguiron levar a cabo a súa masacre, gaseando a máis de 4.000 xitanas e xitanos.



Coa conmemoración do Día da Resistencia Romaní preténdese reivindicar e visibilizar a loita da poboación xitana contra calquera tipo de manifestación antixitana, sendo aquel 16 de maio cando alcanzou a súa máxima expresión.

Cada ano debemos lembrar esta data para que o pobo, non só os/as xitanos/as senón toda a sociedade, lembre que o que pasou nesa época non debe volver a repetirse.



Campo de concentración. Imaxe Plataforma Khetane



Mulleres xitanas traballando en campo de concentración



Músicos xitanos en campo de concentración



Muller xitana lendo a man a militares alemans

# LINGUA E RELIXIÓN


POR ANXO DE PRADO OGANDO

## LINGUA

O **ROMANÍ** é a lingua internacional do pobo xitano, unha das linguas máis antigas do mundo, e o seu número de falantes é de quince millóns de persoas.

Trátase (o romaní) dunha lingua indoeuropea, pertencente á **subrama índica** que inclúe o sánscrito e o hindi. Debido á diáspora romaní por Europa e Asia Occidental, desenvolveuse en estreito contacto con linguas europeas e iranianas e enriqueceuse con palabras prestadas das linguas que se falaban nos países polos que pasou o pobo xitano.

Grazas ao estudo da lingua romaní, os expertos déronse conta por primeira vez de que os seus falantes tiñan a súa orixe no subcontinente indio.



Mapa dialectos Romaní en Europa  
Fonte da Imaxe: Wikipedia

No século XXI, calcúlase que hai **3,5 millóns de falantes de romaní en todo o mundo**. Con todo, xa non o falan todas as comunidades romaníes, nin sequera a maioría, e é unha lingua minoritaria en Europa. Na diáspora romaní, moitas persoas falan linguas pararromaníes mesturadas ou adoptaron a lingua maioritaria do seu país de orixe.

A lingua ten unha gran relevancia na cultura xitana: **o idioma romanó ou romanés** (ou en feminino, a lingua romaní) **é o elemento de unión entre as comunidades repartidas polo mundo**, o vínculo dunha cultura que se transmitiu oralmente de xeración en xeración.

## DIALECTOS

A **ausencia dunha forma escrita estandarizada** contribuíu á gran variación entre os dialectos romaníes, algúns dos cales non son mutuamente intelixibles. Estes dialectos adoitan agruparse en función da zona xeográfica na que se desenvolveron e das linguas que influíron neles.

O primeiro intento de clasificar cada dialecto romaní realizouno o filólogo esloveno **Franz Miklosich** (1813-1891), que rastrexou a migración do pobo romaní estudando como se tomaban prestadas palabras de distintas linguas. Miklosich dividiu o romaní en 13 dialectos falados por grupos que se asentaron en distintas partes de Europa, aínda que os **lingüistas modernos adoitan separar os dialectos romaníes en 12 ramas**



Dialectos da lingua xitana  
[Awareidiomas](#)

Algunhas destas ramas extinguíronse e só se coñecen a través de fontes históricas e préstamos noutras linguas. A rama máis falada do romaní é o **vlox romaní**, que se cre que se desenvolveu en Romanía.

Os sentimentos e políticas antirromaníes en moitos países levaron á perda da lingua romaní nalgunhas comunidades en favor da lingua maioritaria.

---

Algunhas linguas pararromanías sobreviviron despois de que se extinguise o dialecto romaní local no que se baseaban. Por exemplo, o **CALÓ** desenvolveuse na Península Ibérica e baséase nun sistema gramatical español, con préstamos do dialecto ibérico do romaní, xa extinto.

O caló é unha lingua mixta que xurdiu do contacto entre o castelán e o romaní durante os últimos seis séculos. Aínda que se realizaron esforzos por parte dalgunhas organizacións e persoas illadas, o caló está en proceso de desaparición definitiva. O seu uso está, cada día, restrinxido a zonas cada vez máis marxinais. A xente nova, en especial os nenos e nenas, descoñecen, porque ninguén lles ensinou, os poucos recursos lingüísticos que empregaban noutro tempo as súas nais e pais ou as súas avoas e avós.

O **CALÓ**, a lingua das xitanas e xitanos españois, aínda que enriqueceu considerablemente o español o seu impacto nunca foi tan masivo e irresistible como o do árabe ou, ultimamente do inglés.

Os préstamos do romaní cóntanse máis ben en centenaes. Son máis ou menos douscentos os vocábulos que se abriron o camiño ao español, tal como testemuñase na lexicografía española de hoxe. O léxico xitano pódese clasificar dentro de varios campos léxicos entre os que se atopan:

- "**Corpo Humano**": por exemplo, **sacais** (ollos) ou **pinrel** (pé).
- "**Actividade mental e física**": por exemplo, **chalarse** (toler), **chanelar** (entender), ou **currar** (traballar)
- "**Delincuencia**": con exemplos como **chorar** (roubar) ou **sirlar** (atracar coa navalla)
- Os termos do "**ramo familiar**" non foron tantos os termos que lograron difundirse tan plenamente na lingua española como para quedar rexistrados nos dicionarios de español, por exemplo: **chaval/a** (novo, raparigo/a), **bato/a** (pai/nai), **chavea** (jovencito), **chislama** (rapariga)...

O Caló non é exactamente un dialecto do romanó senón que é un pogadolecto. Un pogadolecto consiste nun fala cuxa estrutura gramatical está tomada dunha lingua A, na cal se insere un léxico procedente dunha lingua B. (Na terminoloxía linguística este tipo de fenómenos denomínanse "falas mixtas").

O **CALÓ** en España ten unha estrutura gramatical propia do español sobre a que se inseriu o vocabulario romaní, con algúns préstamos doutras linguas. Este dialecto xurdiu en España a creación dos propios xitanos e emigrou ao sur de Francia grazas aos xitanos cataláns, pasando ata por Portugal e Brasil.

#### A RAE contempla como xitanismos os seguintes exemplos:

- **Bulo**: rumor, noticia falsa.
- **Camelar**: amar, querer, desexar.
- **Canguelo**: medo, temor.
- **Cate**: nota de suspenso nos exames. Tamén golpe ou labazada.
- **Chaval**: neno, rapaz, xove.
- **Churumbel**: neno ou bebé.
- **Currar e currelar**: traballar.
- **Gachó e gachí**: home e muller.
- **Jamar**: comer.
- **Molar**: gustar, estupendo.
- **Paripé**: finximento, simulación.
- **Postín**: presunción afectada ou sen fundamento.

En 2015, a UNESCO proclamou o **5 de novembro** como o **Día Mundial da Lingua Romaní**. Desde entón, está tomando cada vez máis forza entre as persoas e asociacións que reivindicán a identidade e cultura xitana.



# RELIXIÓN

O pobo xitano **non ten unha relixión propia**, polo que a súa relixión varía segundo o seu lugar de residencia, podendo ser musulmáns, cristiáns católicos ou ortodoxos. Dende a Segunda Guerra Mundial, moitos convertíronse ao protestantismo.

Entre a comunidade xitana española houbo unha integración maioritaria (sobre o 90%) na Igrexa Católica, tendo unha grande importancia nas crenzas relixiosas a fe ou devoción a Virxe María.



Un momento do Gicalí nunha igrexa de Córdoba

Foto: Pastoral Xitana de Córdoba

Sen embargo, a práctica relixiosa é moi baixa, agás o bautismo, que é significativo no contexto cultural xitano, xa que case todas as persoas xitanas están bautizadas.

A **mentalidade relixiosa** das persoas xitanas **baséase** fundamentalmente **nunha profunda e innata crenza en Deus e na inmortalidade da alma**.



Fotograma do reportaxe "Morte e luto na comunidade xitana"  
Arcoiris.TV

Outra crenza de gran virtualidade relixiosa no pobo xitano é o **culto aos mortos**. Todo este núcleo de crenzas pon de manifesto a fe na inmortalidade da alma e na vida futura de gozo ou de pena.

Esta interpretación relixiosa de culto aos mortosponse máis en evidencia coa insistencia que xeralmente fan os xitanos na inmortalidade da alma e na fe firme dunha vida futura.

Todos estes testemuños fannos concluir que a crenza relixiosa do xitano aséntase basicamente en dous núcleos fundamentais: a fe en Deus e o culto aos mortos.

Cando un familiar ou un amigo próximo falece, os xitanos adoitan vestir de negro ata 12 meses despois como forma de manifestar a súa dor. Ademais de vestir de negro, os familiares do falecido deben levar a cabo unha serie de restricións para cumprir co duelo: Non usar xabón, non afeitarse, non escoitar música nin bailar, non usar roupa nova, non asistir ás festas da comunidade ou non pintar.

Os homes deberán levar unha cinta pequena de cor negra na súa camisa durante o período de loito e queimala ao finalizar o mesmo. A duración desta e o resto de restricións depende do parentesco entre o defunto e a outra persoa, polo que pode durar desde unha semana ata un ano enteiro. Ademais, cando se visita o cemiterio (acto chamado limoria) adóitanse levar candeas, froitas, cigarros, flores etc.

Tamén hai un grupo importante, dentro da comunidade xitana que están adheridos á que é coñecida como Igrexa Evanxélica de Filadelfia. Esta igrexa toma o seu nome dunha das Sete Igrexas de Cristo citadas na Apocalipse, e ten como peculiaridade máis destacable a de ser a igrexa con maior representación xitana neste país.

O seu nome ten que ver co significado bíblico do termo Filadelfia: **"Amor fraterno"**. En tanto que pentecostales, os seus seguidores cren nos dons divinos, na capacidade do Espírito Santo para obrar milagres nas persoas, tales como as visións do futuro, e no dominio de linguas descoñecidas.

Moitos dos seus seguidores foron antes católicos, e unha das principais diferenzas é que os evanxélicos non cren na Virxe, senón soamente en Deus.

Ligazóns de interese:

- <https://lenguaramani.blogspot.com/2014/05/el-calo-en-espana.html>
- <https://www.worldhistory.org/trans/es/1-21804/lengua-ramani/>
- [https://www.gitanos.org/publicaciones/estudio1978/pdf/08Es\\_sociologico\\_religiosidad.pdf](https://www.gitanos.org/publicaciones/estudio1978/pdf/08Es_sociologico_religiosidad.pdf)
- [https://www.gitanos.org/la\\_comunidad\\_gitana/una\\_cultura\\_oral.html.es](https://www.gitanos.org/la_comunidad_gitana/una_cultura_oral.html.es)

# COMO SE ORGANIZA A COMUNIDADE XITANA?

POR DIEGO DÍAZ RODRÍGUEZ

## A ORGANIZACIÓN SOCIAL

A organización social do pobo xitano estrutúrase a partir das **relacións de parentesco** e en base a **eixos clasificatorios de status: sexo e grupo de idade**. O eixo fundamental da vida xitana é a **familia**. No grupo familiar ou "liñaxe" é onde as persoas xitanas forman a súa personalidade, desenvólvense, participan e atopan todos os mecanismos de defensa e cooperación. Tanto é así que unha persoa xitana non é recoñecida como tal se non se sabe de que familia procede.

Cada unha destas "liñaxes" son independentes e autónomas e sen ningún vínculo de poder dunhas sobre outras.

A **filiación** é **patrilineal**, é dicir, cando un neno nace o grupo ao que pertence é ao do pai.

Cada familia extensa funciona como un ente independente, as relacións entre as distintas liñaxes fundamentan esta independencia.

A "familia extensa" abarca, ademais do núcleo familiar básico, a outros moitos parentes ou cumáns, e constitúe o máis importante na vida da comunidade xitana.

O **respecto ás persoas maiores** é un dos seus principais valores: os tios e tías (ou persoas xitanas de respecto) teñen autoridade para dicir o que está ben e o que está mal, e reciben un trato especial de todos os demais membros da comunidade.

## TAMAÑO DO FOGAR

Polo xeral as familias xitanas destacan por ter un elevado número de membros por fogar en comparación coas familias non xitanas, inda que este foise reducindo nos últimos tempos.

*Por exemplo, en Cantabria, no ano 1991, a comunidade xitana tiña de media un nº de membros por fogar de 6,3 persoas, mentres que nas familias non xitanas era de 3,6 persoas.*

## ESTRUCTURA FAMILIAR

A totalidade de estudos consultados indican que a **forma máis numerosa** entre os xitanos é a **nuclear** con moita diferenza ante o resto, isto indica que o concepto de familia extensa está en claro retroceso.

Na comunidade xitana enténdese como familia algo máis que os pais e os irmáns, se non que englobaría a todos os parentes cercanos.



Pai e Filla. Fotografía de Isabel Muñoz para "Vidas Xitanas"

En Navarra fixéronse varios estudos comparando as fogares xitanos cos non xitanos. Nestes mostrase que os fogares unipersonais na comunidade xitana son case cero comparados cos non xitanos, mentres que os matrimonios con crianzas destaca cun 14,1% máis de casos. Tamén é moi destacable o número de matrimonios sen crianzas na comunidade xitana que ten unha porcentaxe dun 4,1%, comparado co 14,9% dos matrimonios non xitanos. Isto adoita deberse a que nos non xitanos hai unha maior presenza de parellas de idade avanzada e a que moitas parellas optan por non ter crianzas.

Na cultura xitana a **convivenza interxeneracional** é máis habitual e o valor da procreación está moi interiorizado.

En canto a **familias monoparentais** o comportamento é bastante similar entre ambas comunidades, non obstante a metade das familias xitanas recollidas serían viúvas/os e a outra metade serían consecuencias de separacións ou divorcio.



"A gran Familia Vargas", en La Nueva España

Pódese deducir que a estrutura familiar dos xitanos organizase a partir de: 1) un **sistema patrilineal**, no cal a muller tamén pasa a formar parte da liñaxe do marido unha vez casados; 2) un **sistema patrilocal** en canto á distribución territorial dos membros tras a constitución do matrimonio; 3) unha **endogamia** por razón de etnia ou grupo; e 4) unha **propensión á formación de familias extensas**, sen prescindir das novas transformacións xurdidas sobretudo nas zonas urbanas.

## MATRIMONIO E RITO NUPCIAL NA COMUNIDADE XITANA



Fotografía de Xoán A. Soler, en artigo "A miña grande boda xitana", da Voz de Galicia.



Leticia Manzano e Fabián Gavarre, antes do paseo. Imaxe do artigo "Llegó el día de la gran boda gitana" en Atlántico

As persoas da comunidade xitana, polo xeral, **adoitan casarse con persoas da súa mesma etnia**, e non é común que algunha persoa xitana contraia matrimonio cunha persoa non xitana.

*Por exemplo en Cantabria o 95,3% dos casamentos son entre persoas xitanas, deixando un porcentaxe moi baixo aos casamentos entre etnias.*

Polo xeral as mozas e mozos xitanos **casanse a idades moi temperás**, e as mulleres inda antes ca os homes. Estes, en comparación cos homes non xitanos, non adoitan estar solteiros, e normalmente teñen un número de crianzas moi superior aos non xitanos, tendo a súa primeira filla ou fillo sendo bastante novos.

Outro aspecto a resaltar é a frecuente endogamia familiar, na cal os casamentos entre familiares cercanos, normalmente curmáns/curmáns é bastante común, e formalízase mediante a cerimonia xitana na maioría dos casos, aínda que se legalice ante a sociedade co rito civil ou eclesíastico.

Un estudo en España indica que os xitanos/as comezan a casarse entre os 15 e 19 anos, sin embargo a comunidade non xitana non o fai ata despois dos 20 anos. Isto tamén provoca que na comunidade xitana haia moitos máis casamentos comparado coa non xitana.

### O RITO NUPCIAL

O rito matrimonial xitano tampouco segue unhas pautas homoxéneas e compartidas por todos e cada un dos grupos xitanos. Podemos observar unha clara distinción nas prácticas cerimoniais dos membros do grupo Caló españois e os Rom de Europa do Leste.

Entre os **xitanos Caló**, a comunidade predominante en territorio español desde fai máis de seiscentos anos, os pedimentos e as vodas eran acordados polos pais, pero esta tradición hoxe en día extinguiuse e con iso desapareceron os matrimonios forzosos e concertados sen o consentimento dos cónxuxes. De feito existe unha loita interna por parte de asociacións xitanas para acabar coas tradicións intraétnicas que vulneran gravemente os dereitos e liberdades das mulleres xitanas.



FIESTAS Familias Gitanas de Lebrija  
Fotografía de ANTONIO PÉREZ en Lebrija Flamenca

Actualmente, cando dous mozos se agradan mutuamente, o home farallo saber ao seu pai, o cal fará de interventor e pediráa ao pai da rapariga pretendida, con previa consulta a esta para corroborar a súa conformidade. Co consentimento de ambos os pais, tras acordar o noivado, os mozos empezarán a saír e celebrarase a **fiesta de pedimento**.

Tras a “pedía” desenvolverase o **período de noivado** que será de carácter público para que sexa recoñecido a ollo de todo xitano. Trataríase dunha mera formalidade mediante a cal se promete matrimonio e este queda apalabrado. A festa do pedimento terá a función de escudo protector ante posibles pretendentes, xa que a publicidade do acordo absterá a outros mozos de competir pola moza

É importante facer mención especial á idade de acceso ao matrimonio por parte dos Calós. Esta idea en certa parte constátase polos precedentes históricos, onde podían atoparse matrimonios prematuros de mozos menores de catorce anos. Con todo e na actualidade, entre Calós o acceso ao matrimonio preséntase a unha idade máis tardía e considerable para crer que ostentan suficiente capacidade para establecer unha vida conxugal e prestar o seu consentimento libremente. Actualmente a maioría de membros xitanos contraen matrimonio coa idade mínima legal establecida polo Código Civil español, é dicir, aos dezaioito anos.



Os noivos bailan tras a aceptación oficial do casamento  
en artigo [“Ibiza volve a celebrar un ‘pedimento’ 20 anos despois”](#)  
en Periódico de Ibiza e Formentera



Fonte da Imaxe: Seguridade Social e Bodas Xitanas. En [La Mar de Onuba \(Revista onubense de actualidade, cultura e debate\)](#)

**O rito matrimonial dos Roms dos Balcáns** toman unha forma dispar á dos Caló. O arquetipo usual parte dunha promesa de apalabramento á que eles chaman **“solaxadimos e chavengo”**, mediante a cal dúas familias xuran unha futura ligazón dos seus futuros fillos sen necesidade de que estes nacesen por entón.

Ambas familias encargaranse de manter unha relación sólida durante o crecemento dos seus fillos, concertando reunións familiares para que os fillos vaian acrecentando o seu vínculo emocional e así facilitar un acomodamento psicolóxico en vistas ao futuro matrimonio.

Actualmente estanse producindo cambios positivos a favor da liberdade dos suxeitos do grupo cunha clara tendencia dos pais a preocuparse principalmente pola formación e educación dos seus fillos, permitindo a prolongación da idade media para casar e aceptando cada vez máis a liberdade de elección das parellas.

Ligazóns de interese:

- [https://www.gitanos.org/upload/68/41/catalogo\\_vidas\\_gitanas.pdf](https://www.gitanos.org/upload/68/41/catalogo_vidas_gitanas.pdf)
- <https://www.museuvirtualgitano.cat/es/cultura/la-participacion-social-gitana/>
- [https://www.gitanos.org/la\\_comunidad\\_gitana/la\\_familia\\_corazon\\_de\\_la\\_comunidad.html.es](https://www.gitanos.org/la_comunidad_gitana/la_familia_corazon_de_la_comunidad.html.es)
- [https://www.gitanos.org/upload/69/14/la\\_familia.pdf](https://www.gitanos.org/upload/69/14/la_familia.pdf)
- [https://www.gitanos.org/upload/83/15/Situacion\\_social\\_y\\_tendencias\\_de\\_cambio\\_en\\_la\\_Comunidad\\_Gitana\\_La\\_familia.pdf](https://www.gitanos.org/upload/83/15/Situacion_social_y_tendencias_de_cambio_en_la_Comunidad_Gitana_La_familia.pdf)
- <http://www.ub.edu/ciudadania/hipertexto/evolucion/trabajos/9899/1/231.htm#:~:text=El%20linaje%20gitano%20suele%20alcanzar,ios%20relacione%20o%20los%20jerarquice>



Diego Díaz Rodríguez  
diegoqramon.diaz@gmail.com

# A COMUNIDADE XITANA EN ESPAÑA E GALICIA

POR GABRIEL GONZÁLEZ LAGO



A comunidade xitana: educación, emprego, saúde e muller e igualdade de xénero.

[A comunidade xitana. Fundación Secretariado Xitano](#)

Actualmente a sociedade española é un mosaico de realidades históricas e culturais coas súas propias peculiaridades, linguas e pobos.

Neste contexto multicultural, é necesario dar a coñecer que a realidade xitana en España conta con seis séculos de historia e é moi diversa.

O pobo xitano foi asimilando moitos dos elementos culturais que se atopou nos distintos territorios que atravesou e, grazas a iso, a cultura común actual está chea das súas achegas realizadas tanto na lingua, como o comercio, a música, a literatura e outras moitas artes.

## En Europa

Os Roma son a minoría máis numerosa na actual Unión Europea. A pesar de que esta poboación chegou a Europa hai séculos, hoxe en día continúan marcados por unha forte discriminación e rexeitamento social, e unha situación de exclusión xeneralizada.

Seguindo as recomendacións do Consello de Europa, existe un consenso na comunidade internacional polo que o termo “Roma” agrupa aos distintos grupos e subgrupos de persoas xitanas existentes en Europa ([Roma](#), [Traveller](#), [Sinti...](#)).

Hai consenso xeneralizado de que máis ou menos hai uns **6–8 millóns de persoas xitanas na Unión Europea** (nos 28 Estados membros). E a cifra aumenta se falamos de Europa, uns 10–12 millóns (**é dicir, a cifra inclúiría a UE, os Balcáns e países máis ao Leste, como Moldavia...**). Estes datos convértea na **minoría máis numerosa da UE**. A maior concentración atópase nos países de Europa central e do Leste: Rumanía (con máis de 2 millóns), Bulgaria (uns 700.000), Hungría (máis de 500.000), República Checa (uns 300.000) e Eslovaquia (case 450.000).

## En España

A poboación xitana é a minoría étnica por excelencia en España, onde vén residindo desde fai máis de cinco séculos. Con todo, o coñecemento sobre a súa realidade social é relativamente recente.

En España, os xitanos e xitanas son cidadáns de pleno dereito. Hai 750.000 persoas xitanas en España. Posúen trazos culturais que lles son propios e comparten unha identidade común, o cal non resta nada á súa cidadanía, senón máis ben ao contrario, supón unha riqueza e un valor



Comunidade Xitana en España. Fotografía en [“O viva xitano á Garda Civil” - Rromaní Pativ](#)

engadido para a sociedade da que todos formamos parte.

A pesar dos logros conseguidos en España desde a instauración da Democracia na mellora das condicións de vida da poboación xitana, segue habendo situacións que requiren a atención dos poderes públicos e do conxunto da sociedade para conseguir dunha vez por todas que os xitanos e xitanas exerzan a súa cidadanía en igualdade.

Aínda que hoxe en día as leis españolas xa garanten o dereito de educación e practicamente a totalidade dos nenos e nenas xitanas están escolarizados nos centros educativos, o que os converte en lugares idóneos para compartir culturas, na poboación xitana persisten importantes desigualdades con respecto á poboación xeral, e unha porcentaxe significativa desta poboación continúa sendo vítima da discriminación, da intolerancia e da exclusión social.



Un acto de celebración da comunidade gitana - Córdoba.



Varias mozas posan no Pobo de Asturias xunto a un cartel contra a segregación escolar. UCHA no diario dixital "El Comercio"

Certamente, cada vez máis novos xitanos e xitanas continúan estudando, e incorpóranse ao mercado laboral como avogados e avogadas, mestres, enxeñeiros/os, educadoras/es, profesionais de informática, da medicina e da enfermaría, etc., pero estes avances non están libres de traballo e loita contra os antixitanismos presentes en todas as esferas sociais.



Fotografías Alfredo Cáliz

Reportaxe Xitanos do século XXI, en "El País Semanal"

As estritas normativas que regulan as actividades económicas consideradas como tradicionais da poboación xitana, supoñen tamén un serio obstáculo aos seus ingresos, procedentes en moitos casos de actividades como a venda ambulante ou a recollida de chatarra.

O acceso a unha vivenda digna é un dereito para todos os cidadáns. Aínda que moitas familias, xitanas e non xitanas, beneficiáronse nas últimas décadas das políticas de vivenda social, aínda hai un número importante de familias xitanas que habitan en chabolas.



Bandeira de Galicia

## En Galicia

Actualmente, en Galicia viven ao redor de 9.000 persoas xitanas. A poboación romaní é moi heteroxénea, e en Galicia constitúen grupos moi diferenciados. Estes grupos son: as persoas xitanas galegas e casteláns (85%), as xitanas e xitanos zamoranos (13%) e xitanas e xitanos húngaros (2%).

A presenza de persoas xitanas en Galicia é posterior ao século XVIII. Aos poucos, durante os séculos XIX e XX, a comunidade xitana foi asentándose en Galicia. Os seus oficios tradicionais foron artesanais e relacionados co comercio.

Eran afiadores, tosquiadores, canasteros, tecedores, esparteros, ferreiros, arranxaban cazolas e tixolas, colchóns e somieres, vendían puntas, compraban e vendían pelo, recollían espárragos, figos, piñas e outros produtos silvestres, lían a man e tiraban as cartas.

Normalmente tiñan varias ocupacións que compaxinaban coas feiras e os traballos agrícolas de tempada. Facer de feirantes foi un oficio xitano mentres durou a súa vida seminómada.

A compra, a venda e o intercambio de gando equino tiña lugar durante a súa viaxe e nas feiras. Ían ás principais feiras gandeiras de Galicia: as de Moeche, as de Arzúa, as de Santiago de Compostela, as de Mondoñedo e de Padrón. E era nestas feiras onde as familias se reencontraban despois de estar a viaxar por separado durante semanas ou meses.



Miguel, feirante e propietario de atraccións en La Región dixital - edición Galicia.

En canto a vivenda, o chabolismo aínda non se erradicou na súa totalidade na comunidade galega, a pesar de que nos últimos anos leváronse a cabo numerosas actuacións que lograron poñer fin a emblemáticos poboados como o de Penamoa na Coruña. Segundo fontes da Fundación Secretariado Xitano, quedan aínda once asentamentos chabolistas en toda a comunidade galega, cunha gran dispersión territorial.

Actualmente, as persoas xitanas teñen unha elevada taxa de desemprego, que resolven con actividades laborais esporádicas e colaborando na actividade económica familiar. Ao traballo máis común que é a venda ambulante, engádense a recollida de chatarra e a recolección de mariscos, así como nas poboacións máis rurais, os traballos temporais agrícolas ou a limpeza e desgasificación dos depósitos de barcos dos estaleiros de Izar.

#### Ligazóns de interese:

- [https://www.gitanos.org/la\\_comunidad\\_gitana/gitanos\\_hoy.html.es](https://www.gitanos.org/la_comunidad_gitana/gitanos_hoy.html.es)
- <https://unionromani.org/los-gitanos-en-espana/>
- <https://www.laregion.es/articulo/galicia/lado-mas-duro-vida-feirantes/20170706194136721792.htm>
- <https://infogram.com/poblacion-gitana-1gew2v8vljkdmmj>
- <https://www.elcorreogallego.es/galicia/en-galicia-queda-aun-unos-11-asentamientos-chabolistas-con-familias-gitanas-en-su-mayoria-PO11689336>
- <https://www.museuvirtualgitano.cat/es/historia/comunidades-autonomas/galicia/>



# MÚSICA E EDUCACIÓN

POR PABLO MILLOR COSTAS

## A COMUNIDADE XITANA E A MÚSICA

Para comprender a música xitana hai que vivirla á maneira xitana. Falar de música nesta comunidade significa falar da súa cultura e evolución, que segue os acontecementos dun pobo nómada, disperso e oprimido, que foi quen de conservar de forma dilixente os seus trazos esenciais no tempo e o espazo.

O modo inconfundible de facer música das persoas xitanas, con ritmos, formas e interpretacións propias, extraeu o seu zume da rexión xeográfica e dos condicionamentos históricos e sociais dos países de acollida.



Fonte das Imaxes: Museo Virtual Xitano

A riqueza dos ritmos, melodías e harmonías da música xitana foi utilizada por compositores como Liszt, Brahms, Schubert, Falla, Granadeiros, Turina, Ravel, Debussy, Dvorak, pero aos xitanos non se lles recoñeceu nunca totalmente o seu mérito.

Para entendela mellor hai que relacionala coa de orixe india, e esta última, coa occidental. Na India, a música mantivo o seu carácter ritual e máxico ata épocas recentes, ata tal punto que os cambios sociais e a chegada dos *mass media* non alteraron as condicións da civilización india. Os elementos temporais que regulan a estrutura da música occidental non teñen case

significado na India, polo que un canto pode durarmáis dunha hora. O músico occidental está moi atento á claridade da forma, á inmediatez da expresión e á orixinalidade. Ao músico indio e oriental, en xeral, gústalle, con todo, improvisar; a súa música non ten un desenvolvemento concreto e transcorre de modo repetitivo sen chegar a unha conclusión.

Estes canons encaixan amplamente coa música xitana, e en particular coa música tradicional da área da Europa centro-oriental e balcánica. Se se considera, ademais, que os músicos xitanos son autodidactas que non coñecen a escritura musical e que utilizan intervalos (cuartos de ton) inusuais na harmonía occidental, compréndese ben que a música xitana poida parecer "estraña" e "irregular" aos expertos de música europea.

### O FLAMENCO

O flamenco representa a rama máis coñecida da cultura musical xitana tanto en España coma no resto do mundo.

Nacido da **mestura de culturas**, o flamenco non é algo estático, foi evolucionando co tempo. Creado, non se sabe cando, nos estratos sociais máis baixos da poboación andaluza, cara a 1850 comeza a ser reclamado polo señorito andaluz para alegrar as súas noites de esmorga. Ata os inicios do Século XX, frecuentemente os cantaores aparecían acompañados dunha orquestra, é o que se chegou a chamar o "**Cante bonito**".



Fonte das Imaxes: Wikipedia

Cara a 1930 chega a revolución do "**Flamenco Puro**", da man de Antonio Mairena, o "Mairenismo". Ideas, crenzas e estilo que segue tendo vixencia no flamenco actual. É o estilo que trata de presentar o flamenco, que é eminentemente xitano e andaluz, como a arte característica de toda España.

Por último aparece o "**Flamenco Novo**", onde os intérpretes, sen abandonar a tradición, tratan de atopar un selo persoal menos académico. É o reinado do personalísimo Camarón, pero tamén do sincretismo con outros ritmos, o Rock, os Blues, a música Magrebí, a Salsa, ou Pop, que amplían o flamenco a outros temas e a outros ritmos.



# A EDUCACIÓN NO POBO XITANO

A poboación xitana española incorporouse hai apenas 30 anos ao sistema educativo. En tan pouco tempo, o avance foi enorme, e pasouse da exclusión, á escolarización, pasando previamente por unha escolarización separada a través das **escolas-ponte**. Hoxe podemos falar de que as nenas e nenos xitanos están escolarizados, un feito que hai unhas décadas era impensable. Sen embargo o **nivel educativo da poboación xitana está moi por baixo** do conxunto da poboación española, polo que se constata a existencia dunha **grande fenda educativa entre persoas xitanas e non xitanas**.

A pesar de que a **práctica totalidade das nenas e nenos xitanos en idade escolar están escolarizados**, a gran fenda educativa é moito máis brutal tanto nas posibilidades das mozas e mozos xitanos de acceder a Secundaria como nas posibilidades de completar os estudos obrigatorios.

- Os **resultados académicos** en primaria e especialmente en secundaria **son moi inferiores** en comparación co alumnado xeral (un 64% do alumnado xitano de entre 16 e 24 anos non conclúe os estudos obrigatorios fronte ao 13% do conxunto do alumnado).
- **Dos 15 aos 16 anos hai un grande descenso na escolarización**. Aos 15 anos o 86,3% do alumnado xitano atópase escolarizado (fronte a un 97,9% do conxunto da poboación) e aos 16 esta cifra descende a un 55,5% (para o conxunto do alumnado este dato é dun 93,5%).
- **O curso no que máis abandono se produce é en 2º da Educación secundaria** e a idade na que máis estudantado xitano abandona é aos 16 anos.
- As **porcentaxes de persoas xitanas con titulacións post-obrigatorias son moi reducidas**. España rexistra unha porcentaxe moi reducida (3%) de poboación xitana, de entre 25 e 64 anos, que completou polo menos a educación secundaria.
- O **Abandono Escolar** da mocidade xitana sitúase na 63,7% fronte ao 13,3% que presenta o conxunto da poboación.



A ensinanza e a formación son o mellor camiño para a integración do pobo xitano  
©BELGA\_MTI\_Laszlo Beliczay, en [Integración do pobo xitano - Parlamento Europeo](#)



Crianzas xitanas na escola.  
[Imaxe da Web do Consorcio del barrio de la Mina](#)

Importante mencionar que a poboación xitana española é o grupo social que percibe con maior frecuencia trato discriminatorio no ámbito educativo, en concreto en torno ao 18,1% das persoas xitanas así o manifestaron.

Os resultados obtidos pola FRA mostran peores niveis educativos nas mulleres xitanas que nos homes.

De acordo cos datos do Centro de Investigacións Sociolóxicas, un 20,3% das persoas xitanas de España sinala recibir un trato peor ou sentirse discriminado, polo feito de ser xitana/o, en centros de ensino: gardería, colexio, instituto, universidade... E a máis dun cuarto da poboación molestaríalles que as súas fillas e fillos compartisen no colexio a mesma clase con crianzas de familias xitanas.

Os resultados obtidos pola Axencia Europea de Dereitos Fundamentais mostran peores niveis educativos nas mulleres xitanas que nos homes.



Crianzas na escola. Imaxe de El Faradío

Por outra banda, a **cultura xitana está ausente do curriculum formativo** en todos os niveis do ensino, sen que se mencione e explique nos libros de texto ou nas clases, sen que haxa ningún tipo de iniciativa para o desenvolvemento destes contidos curriculares.

A maior parte das intervencións que existen en materia de educación da poboación xitana realízanse desde o ámbito das políticas sociais, pero non desde as políticas educativas e desde os organismos da administración con competencias en materia educativa.

## Situación educativa na universidade

Respecto do acceso á formación universitaria, o pobo xitano atópase con numerosas barreiras de cara a acceder a formación universitaria:

- Falta de recursos económicos
- Lagoas formativas
- Descoñecemento de procedementos, ou
- Falta de referentes e de orientación académica

Estes son soamente algúns dos impedimentos que atopan e que dificultan de forma directa o acceso a ensinanzas superiores. A través de estudos, coñecemos que soamente o 42% das persoas xitanas universitarias accederon a estes estudos tendo como actividade principal o estudo, mentres que o outro 58% non ten esta actividade como principal por responsabilidades familiares ou económicas



Participantes no primeiro encontro de estudantes xitanos, celebrado no Marcos Valcárcel de Ourense. | // FERNANDO CASANOVA / M.J.A.

Faro de Vigo "Xitanos que derriban tópicos e brillan nos estudos desde primaria á universidade"

Segundo o estudo realizado a través do proxecto Uniroma, no que participaron principalmente as universidades de Barcelona e Córdoba, os perfís do estudiantado xitano na universidade son os seguintes:

**Estudiantes  
tradicionais 42%**

Estudiantes que se incorporaron á universidade inmediatamente tras acabar a secundaria polas vías de acceso maioritarias e cuxa actividade principal é estudar.

**Estudiantes non  
tradicionais**

**Estudiantes adultas/os 51%**

Estudiantes que accederon á universidade a unha idade adulta tras ter abandonado os estudos. Frecuentemente compaxinan os estudos con outras responsabilidades laborais e/ou familiares.

**Xoves con cargas 7%**

Estudiantes que se incorporaron á universidade inmediatamente tras acabar a secundaria polas vías de acceso maioritarias, cuxa actividade principal non é estudar por ter responsabilidades laborais e/ou familiares.

*Imaxe obtida do proxecto Uniroma*



*Asistentes a mesa redonda "Reflicte a televisión como é a comunidade xitana? - Universidade de Salamanca*

## Xitanas e xitanos universitari@s



*Fonte das Imaxes: La Voz de Galicia*

Pouco a pouco é máis común ver a persoas xitanas formándose, tanto nas universidades coma en centros de formación profesional, xa que, como manifesta algún docente, o papel da educación para a comunidade xitana é decisivo.

A pesar das numerosas barreiras, existen exemplos de éxito universitario como é o caso de María José Jiménez, que é a primeira universitaria xitana en Galicia, "tiven que loitar ferozmente para ser considerada unha persoa digna".



*Cinco xitanas universitarias rompendo tópicos: "O feminismo romaní existe desde fai séculos" en [lavozdelsur.es](http://lavozdelsur.es)*

Segundo a FSG, só entre un 1% e un 2% da poboación xitana accede a estudos superiores. Ademais, "pasan desapercibidos, moitas veces porque eles mesmos non din que son xitanos". As ramas máis comúns que estudan son Dereito ou Traballo Social.

Outro dato interesante é que o 80% dos xitanos que acceden á Universidade son mulleres. É un feito destacable, debido a que moitas delas aínda pelexan para poder ter presenza nas aulas, mentres que o resto de mulleres (paías) loitan por ter presenza nos consellos de administración e romper o teito de cristal.

Tamén as persoas adultas xitanas veñen sentindo a necesidade de cubrir unha das súas principais desvantaxes: a carencia de formación educativa. O tempo que transcorre, de media, desde o momento do abandono ata a reincorporación é aproximadamente de catro anos. A maioría reincorpórase aos 20 anos.

A situación actual é que a distancia existente entre a situación educativa da poboación xitana e a do resto da poboación contribúe a agrandar a fenda de desigualdade e a exclusión social que presenta boa parte desta comunidade, xa que o nivel educativo da poboación xitana está moi por debaixo do conxunto da poboación española.

Fontes de información:

- [https://www.gitanos.org/que-hacemos/areas/educacion/en\\_cifras.html](https://www.gitanos.org/que-hacemos/areas/educacion/en_cifras.html)
- <https://www.foessa.es/main-files/uploads/sites/16/2019/06/3.12.pdf>
- [https://ddd.uab.cat/pub/infpro/2022/264840/\\_Version\\_final\\_Policy\\_Brief\\_26.05.pdf](https://ddd.uab.cat/pub/infpro/2022/264840/_Version_final_Policy_Brief_26.05.pdf)
- <https://www.museuvirtualgitano.cat/es/arte/los-gitanos-i-la-musica/>
- [https://www.gitanos.org/documentos/madrid/paginas/sub\\_paginas/cultura/cultura\\_musica.html](https://www.gitanos.org/documentos/madrid/paginas/sub_paginas/cultura/cultura_musica.html)

Pablo Millor Costas  
pablitomillor@gmail.com



# FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

POR REBECA SANTOS DOMÍNGUEZ



A Fundación Secretariado Xitano de Vigo está na zona de Lavadores, rúa Burgos nº 9. A Fundación

é unha entidade social intercultural sen ánimo de lucro que presta servizos á comunidade xitana en todo o territorio español e desenvolve accións en diferentes países europeos dende o ano 2001.

A misión da FSX é a promoción integral da comunidade xitana dende o respecto e apoio á súa identidade cultural.



Aula Promociona FSX Vigo

Esta Fundación conta con numerosos servizos (empleo, saúde, educación e vivenda) para a comunidade xitana onse se atopa o Programa Promociona



Aula Promociona FSX Vigo

O programa Promociona **pretende favorecer** a normalización educativa do alumnado xitano para acadar maior porcentaxe de éxito académico no último ciclo de Educación

Primaria (5º e 6º) e na ESO, xunto coa promoción da continuidade nos estudos.

O programa está dirixido aos diferentes axentes que participan no proceso educativo dos/das menores: familias, alumnado e centros educativos/sociais.



Débense diferenciar tres niveis de intervención dentro do programa:

- Individual: titorías individualizadas tanto co/ca alumno/a como coa súa familia.
- Grupal: aquí as Aulas Promociona concíbense como espazos de apoio e reforzo escolar onde se traballan habilidades para a aprendizaxe e de hábitos, ritmos e normas que faciliten a inclusión escolar, así como a continuidade e permanencia no sistema educativo.
- Sociocomunitario: trabállase con todos os axentes sociais da contorna do alumnado xitano e cos centros educativos. Unha das accións máis importantes dentro deste nivel, son as campañas de sensibilización levadas a cabo nas aulas dos centros escolares galegos.



Campaña sensibilización da FSX no IES Ricardo Mella



Foto: Secretariado Gitano

# O PAPEL DA **MULLER** NA COMUNIDADE XITANA

POR MANUEL PORTO JORGE

## TRABALLO

A situación e as realidades das mulleres xitanas son moi diversas, do mesmo xeito que ocorre coas mulleres non xitanas; con todo, existe unha cultura común, que as une e que consolida a súa particular identidade.

Pero as culturas non son estáticas senón que están en constante transformación e a condición de muller xitana está moi ligada ás características e peculiaridades da súa cultura; por tanto, tamén é algo que cambia constantemente.

Na actualidade, son moitos os factores que están a dificultar a súa plena participación na sociedade pero especialmente é destacable a **triple discriminación** que sofre: por ser muller, por ser muller xitana e por pertencer a unha minoría étnica mal valorada socialmente.

Como muller sofre a **discriminación** e as **dificultades de inserción e promoción laboral** que teñen a maioría das mulleres españolas.

Pero ademais, atópase cunha serie de **desvantaxes por pertencer a unha minoría étnica pouco considerada** na sociedade maioritaria e **porque a súa identidade feminina séguese construindo dentro dunha sociedade na que predominan os valores masculinos.**

Esta **discriminación pode aumentar** se falamos de mulleres xitanas cunha **baixa cualificación académica** ademais de escasa formación básica, necesaria para acceder ao mundo do traballo e a outros ámbitos de participación social e cidadá, mulleres con algún tipo de **discapacidade e/o pertencentes ao colectivo LGTBI**. As mulleres xitanas con baixa cualificación son as que teñen maiores dificultades de acceso ao mercado laboral.

Unido a isto, os prexuízos no tecido empresarial cara ao pobo xitano, en xeral e cara á muller xitana en particular, baseados en estereotipos e mitos estendidos a nivel social, tamén impiden e/o dificultan o acceso normalizado ao mercado de traballo.

En canto á ocupación que desempeñan en relación ás ramas de actividade nas que se sitúan, o comercio na venda ambulante ou mercadillo é o de maior ocupación por conta propia. Segundo o estudo realizado pola Fundación Secretariado Xitano en relación á poboación xitana ocupada, en primeiro lugar, a maior ocupación atópase na venda ambulante, seguida da limpeza, dependentas de comercio, mediadoras interculturais e camareiras.



Exposición fotográfica "Xitanas Traballadoras"

Edición dixital Diario de Huelva

Sen embargo, e grazas ao traballo de organizacións como Fundación Secretariado Xitano, cada vez máis mozas, lonxe de abandonar os seus estudos, continúan formándose, conseguindo unha maior cualificación profesional a través da Formación Profesional e aos estudos universitarios. Isto permite que as mulleres xitanas poidan acceder a unha ampla listaxe de ocupacións nas que antes non existía presenza xitana.

## ACTIVISMO

Actualmente, estase a vivir un despertar entre as mulleres da comunidade xitana, vendo cada vez máis iniciativas, proxectos sociais ou grupos de apoio de carácter feminista. Estes grupos loitan pola inclusión da muller xitana na sociedade, no ámbito educativo, laboral, etc. Trátase de recuperar espazos e postos que tradicionalmente foron negados a estas mulleres.

O empoderamento das mulleres xitanas leva consigo o aumento de formación regrada e non regrada, a incorporación ao mercado laboral, a repartición de tarefas dentro das familias, toma de decisións fora e dentro do fogar etc., proceso que foi lento, tenaz e constante. Na actualidade algunhas mulleres non admiten o papel de submisión que ofrecen os costumes e tradicións e hai unha conciencia de reivindicación de dereitos. Pódese dicir que actualmente os cambios son latentes e están a producir novas identidades ou transformándoas



Fotografía en Xornada de Reflexión sobre o papel da muller xitana na cultura.  
[Institut Valencià d'Art Modern](#)



Asociación pro derechos civís, económicos y sociales.  
Rosalía Vázquez

## VIOLENCIA DE XÉNERO

Moitas mulleres xitanas teñen que padecer, como consecuencia dun crisol de casuísticas, costumes e factores culturais, dalgunha forma de violencia de xénero. Inclúen, entre outras, violencia física, psicolóxica e sexual. A situación é para moitas mulleres, moi complicada de encarar, pois entran en xogo moitos factores como a familia e contorna, as crianzas ou a dependencia económica do marido.

Por estes motivos, algunhas mulleres tratan de ocultalo ás persoas que as rodean, normalizan a violencia sufrida ou mesmo a xustifican, considerándose culpables da situación. Por desgraza, nalgúns dos casos dase unha situación de dependencia no ámbito económico, polo que o feito dunha separación ou denuncia é impensable para estas mulleres. ante o temor de non poder manter ás crianzas ou non saber como refacer a súa vida despois de todo o soportado. Noutros casos, son as familias as que tratan de frear á vítima ou tratan de quitar importancia á situación, xustificándoo e tratando a situación como problemas conxugais normais e que poden ser arranxados.

Beatriz Carrillo - Diputada del PSOE



## EDUCACIÓN

Unha gran porcentaxe das mulleres adolescentes xitanas abandonan a escolarización ao chegar á Secundaria. Isto está influenciado por patróns de conduta inculcados pola contorna familiar e social.

Por unha parte, está o feito de querer que as rapazas casen moi novas, práctica habitual na comunidade xitana. Tamén se espera delas que proporcionen

descendencia ás familias pronto. Por estes motivos, consideran que continuar os estudos é innecesario ou incluso un estorbo. Por sorte, tamén se están a facer moitos avances sociais neste ámbito, e están a aparecer mulleres referentes que romperon as barreiras e os prexuízos para chegar ata onde outras mulleres xitanas non chegaran antes.

Exemplos son: Beatriz Carrillo ou Sara Giménez, políticas españolas; ou Felisa Reyes Ortega, primeira Doutora en Ciencias Naturais en España.


## AS NOVAS XITANAS QUE SERÁN.....




Nome: Andrea  
Naceu o 11/7/09  
Idade: 14 anos  
Estudos actuais: 2º ESO  
Quere estudar: Peiteado




Nome: Patricia  
Naceu o 29/12/09  
Idade: 14 anos  
Estudos actuais: 3º ESO  
Quere estudar: Maxisterio



Nome: Diana  
Naceu o 6/8/11  
Idade: 12 anos  
Estudos actuais: 1º ESO  
Quere estudar: Márketing




Nome: María  
Naceu o 6/10/08  
Idade: 15 anos  
Estudos actuais: 3º ESO  
Quere estudar: Peiteado



Nome: Alba  
Naceu o 12/1/06  
Idade: 18 anos  
Estudos: Actualmente rematando 2º FPB Adm.  
Quere traballar como Administrativa




Nome: Ana  
Naceu o 3/12/08  
Idade: 15 anos  
Estudos actuais: 2º ESO  
Quere estudar: Estética



Nome. Saray  
Naceu o 23/9/09  
Idade: 14 anos  
Estudos actuais: 3º ESO  
Quere estudar: Repostaría



Nome. Jéssisca  
Naceu o 29/12/09  
Idade: 14 anos  
Estudos actuais: 3º ESO  
Quere estudar: Repostaría



Nome. Andrea  
Naceu O 23/8/2000  
Idade: 23 anos  
Estudos actuais: Ciclo medio Farmacia e parafarmacia  
Quere estudar: Ciclo superior de laboratorio clínico e biomédico

Sobre estas liñas temos a 9 alumnas xitanas que actualmente cursan os seus estudos no IES Ricardo Mella de Vigo.

Dende a ESO hasta os Ciclos Formativos, estas mozas, xunto con outras e outros xoves xitanos, son o futuro da Comunidade Xitana.

Valentes, traballadoras, desexosas de demostrar a súa valía e orgullosas de ser xitanas. Dispostas a eliminar as barreiras e a acabar cos estereotipos que sobre a súa Comunidade pesa dende fai séculos.

As súas reivindicacións pasan por visibilizar á Comunidade Xitana e reclamar a súa total integración na sociedade, un espazo diverso e multicultural onde tamén teñen o seu espazo as persoas xitanas.



Representación de alumnas xitanas do IES Ricardo Mella

Enlaces de interés:

- [https://www.gitanos.org/upload/63/56/Doc\\_Mujer\\_git\\_emploi.pdf](https://www.gitanos.org/upload/63/56/Doc_Mujer_git_emploi.pdf)
- <https://conlaa.com/el-papel-de-la-mujer-gitana-en-el-mercado-laboral/>
- <https://redartemisa.org/wp-content/uploads/2018/06/Comunicado-jornadas-feministas.pdf>



# EMPREGO E COMUNIDADE XITANA

POR DAVID VILLAR GARCÍA

O emprego na etnia xitana foi un tema complexo e fascinante ao longo da historia. Observaremos unha evolución desde oficios tradicionais arraigados na cultura xitana ata os desafíos contemporáneos que enfrenta esta comunidade no ámbito laboral.

## TRADICIÓN

Os oficios tradicionais dentro do pobo xitano foron fundamentais para a súa identidade e sustento ao longo dos séculos. Estes oficios non só eran fontes de ingresos, senón tamén expresións vivas da creatividade e habilidade manual da comunidade xitana. Entre os oficios máis destacados atópase a **ferrería**, onde os xitanos demostraron a súa afección polo ferro e os metais, creando verdadeiras obras de arte e obxectos de valor práctico. A **cestería** é outro oficio emblemático, destacando a destreza para tecer e elaborar cestos e obxectos utilitarios a partir de

materiais naturais. Entre todas estas profesións destaca a figura do **tratante de bestas**, historicamente destacada tanto pola súa importancia económica como polo seu significado cultural. Este oficio, caracterizado pola habilidade na compravenda e coidado de gando, confería a quen o practicaba un status especial dentro da comunidade xitana, sendo considerados como portadores da aristocracia xitana. A súa destreza na negociación e o seu coñecemento profundo dos animais outorgábanlles un rol central na vida nómada e na conexión da comunidade coa natureza.

Con todo, coa chegada da industrialización nos anos 50, a figura do tratante de bestas experimentou un declive, xa que a modernización da agricultura e os cambios nas prácticas agrícolas reduciron a demanda dos seus servizos. Aínda que este oficio diminuíu co tempo, a figura do tratante de bestas segue sendo lembrada como unha parte fundamental da identidade xitana, representando a riqueza das tradicións e a complexidade da historia xitana.

A pesar de que algúns destes oficios experimentaron cambios ou perderon relevancia coa modernización e a industrialización, o seu legado segue vivo na cultura xitana. Estes oficios tradicionais non só proporcionaron sustento económico, senón que tamén contribuíron á riqueza e diversidade cultural da comunidade xitana, mostrando a súa capacidade única para adaptarse a distintas contornas e preservar a súa identidade a través das xeracións.



Fundación Secretariado Xitano



# TRANSFORMACIÓN

Nos anos 50, a chegada da industrialización marcou transformacións significativas na vida do pobo xitano. A introdución de maquinaria agrícola reduciu a demanda de man de obra en actividades tradicionais como a cría de gando, desprazando aos xitanos de ocupacións vinculadas á agricultura. Oficios como ser tratante de gando e tosquiar animais, perderon relevancia coa diminución da vida nómada e a modernización agrícola.

A competencia por empregos convencionais aumentou, xerando discriminación e desafíos de adaptación a unha sociedade en rápido cambio. Estas transformacións non só afectaron a estrutura ocupacional xitana, senón que tamén representaron a perda de oficios fundamentais para a súa identidade e sustento, marcando un período de reaxuste a novas realidades económicas e sociais.



Microsoft Copilot




Microsoft Copilot



## DESAFÍOS ACTUAIS

Aínda que se produciron cambios significativos, as persoas xitanas seguen enfrontando desafíos no acceso ao emprego na actualidade. Factores históricos, tradicións arraigadas e niveis de instrución máis baixos contribúen a taxas de desemprego superiores á media. A pesar da presenza de persoas xitanas en profesións cualificadas, moitas vense relegadas ao subemprego ou a actividades económicas informais.



É esencial destacar que a discriminación persiste no ámbito laboral e comercial para as persoas xitanas. As empresas poden perpetuar a discriminación directa a través da negación de oportunidades, salarios desiguais e condicións de traballo precarias. A nivel comercial, a clientela pode contribuír á marxización ao rexeitar produtos ou servizos ofrecidos por persoas xitanas, sustentando estereotipos e prexuízos arraigados.

Abordar estes desafíos require un enfoque integral e colaborativo. É necesario non só eliminar barreiras estruturais senón tamén cambiar percepcións e actitudes discriminatorias. A loita pola igualdade de oportunidades debe involucrar a empresas, institucións e a sociedade no seu conxunto.

A conciencia e a educación son ferramentas esenciais para superar estereotipos arraigados e construír unha contorna laboral e comercial máis inclusiva e equitativa para a comunidade xitana. Só a través dun esforzo conxunto poderase alcanzar unha sociedade onde o emprego sexa unha oportunidade accesible para todas e todos, independentemente da súa orixe étnica.

Ligazóns de interese:

- <https://www.gitanos.org/la-comunidad-gitana/oficios-tradicionales.html>
- <https://unionromani.org/los-gitanos-en-espana/>
- <https://www.gitanos.org/la-comunidad-gitana/gitanos-hoy.html>

David Villar García

@ villargz

villardavidg@gmail.com



# ANTIXITANISMO

POR REBECA SANTOS DOMÍNGUEZ

## Que é o Antixitanismo?

O antixitanismo é un tipo específico de **ideoloxía racista** que en palabras do Consello de Europa "**dirixida hacia as persoas xitanas**". É, ao mesmo tempo, semellante e diferente, e está interconectado con moitos outros tipos de racismo. O propio antixitano é un fenómeno social complexo que se manifesta a través da violencia, o discurso de odio, a explotación e a discriminación, na súa forma máis visible. Discursos e representacións do mundo da política, do mundo académico e da sociedade civil, a segregación, a deshumanización, a estigmatización, así como a agresión social e a exclusión socioeconómica son outras formas de propagación do antixitano.

*Ivan Calvo Álvarez*

O antixitanismo segue sendo unha realidade estendida en todos os países da UE. Apréciase unha menor hostilidade e unha mellor convivencia en países como España, Países Baixos, Suecia ou Reino Unido, e mantense un forte antixitanismo en países como Bulgaria, Hungría, Lituania, ou Italia respecto ao barómetro anterior de 2019.

Na sociedade actual constatamos:

- Importante **fenda de desigualdade** entre o pobo xitano e o resto da sociedade.
- **Segregación espacial residencial** e aumento de segregación **escolar**.
- Uso de **linguaxe antixitana**.
- Permanencia de discursos de odio e actitudes sociais de **rexeitamento**.
- Persistencia de **mensaxes antixitanas** nos medios de comunicación e en redes sociais.

("Las cosas por su nombre. Educar contra el antigitanismo, un imperativo moral y pedagógico". Asociación de enseñantes con gitanos.)

## A Roda do Antixitanismo





Imaxe Antixitanismo, e iso que é o que é?  
en [Libre Pensamiento, papeles de reflexión y debate.](#)

## Testemuños reais

"Cando entro no supermercado sempre me persegue o garda de seguridade ata que saio pola porta".  
Alumna xitana IES RM.

"Nas entradas das discotecas sempre me poñen problemas para entrar por ser xitano".  
Alumno xitano IES RM.

"No meu cole de primaria os mestres pasaban de min e das miñas dificultades por ser xitano".  
Alumno xitano IES RM.

"No único traballo que sentín un pouco máis de rexeitamento foi cando estiven traballando de administrativa para a biblioteca (.....) Un día desapareceu algo da biblioteca e xustamente sempre viñan uns nenos que eran xitanos e....., a quen culparon? Pois aos xitanos evidentemente. Logo descubriuse que non foran eles".  
Extraído de "Vivenciando el racismo cotidiano: relatos de Antigitanismo en España".



Patricia, María, Saray e Jéssica na biblioteca do IES

### Educación contra o antixitanismo

- A Educación é a ferramenta máis poderosa para a transformación social.
- Necesidade dunha educación intercultural.
- Impulsar políticas de escolarización que eliminen a segregación escolar.
- O currículo debe incluír a historia e cultura xitana
- Compromiso ético do profesorado.

### Olo co que les, escoitas ou che contan.

#### Condutas antixitanas e discriminatorias

- "Sempre están contentos, bailando e cantando".
- "Non te esfuerces con eles que non queren estudar".
- "Son eles os que se apartan".
- "Olo, que sempre están robando!".
- "Non quero que teñas amigos/as xitanas que son malas compañías".

Fontes utilizadas:

- <https://www.gitanos.org/actualidad/archivo/157140.html>



## Principais web consultadas

- <https://www.gitanos.org>
- <https://www.aecgit.org>
- <https://unionromani.org/los-gitanos-en-espana/>
- [https://unionromani.org/pueblo\\_es.htm#situacion](https://unionromani.org/pueblo_es.htm#situacion)
- <https://www.gitanos.org/documentos/LECCION%20GITANA%202019.pdf>
- <https://www.aecgit.org/downloads/descargas/36/paneleswebaecgitok.pdf>
- [https://www.amuradi.org/files/Mujeres\\_gitanas\\_frente\\_a\\_la\\_desigualdad\\_y\\_a\\_la\\_violencia\\_de\\_genero.pdf](https://www.amuradi.org/files/Mujeres_gitanas_frente_a_la_desigualdad_y_a_la_violencia_de_genero.pdf)



Resto de fontes en cada un dos artigos



## Agradecementos



Grazas a todo o alumnado e ex alumnado xitano do IES Ricardo Mella por ensinarnos cada día que unha sociedade máis xusta, intercultural e inclusiva é posible.



Grazas ás familias do noso alumnado xitano por axudarnos a derribar barreiras sociais.



Grazas ao alumnado do 2º curso do CS de Instalacións de telecomunicacións por facer realidade este proxecto coas vosas achegas.



Grazas a Aurora Álvarez Fernández e ó equipo da Fundación Secretariado Xitano de Vigo pola súa implicación co noso alumnado e familias.



Grazas a Raquel Martínez Rivas polo seu traballo incansable en busca da igualdade e por transmitilo ao seu alumnado. Sen ela, isto non sería posible.



E grazas a Rebeca Santos Dominguez, promotora desta idea, polo seu traballo, agarimo e implicación coa inclusión e a igualdade.



## Realización e revisión



Iván Calvo, Anxo de Prado, Diego Díaz, Gabriel González, Pablo Millor, Manuel Porto e David Villar, alumnado de 2º CS STI – Curso 2023-2024



Rebeca Santos e Raquel Martínez.

